

**ASUNTO: DECRETO REPARTURA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA A PARTIR DO 10 DE SETEMBRO DO 2020**

Á vista do informe do Técnico Municipal de Deportes de data 9 de setembro do 2020 que sinala,;

“O Decreto de Alcaldía do 21 de agosto de 2020 resolveu proceder ao peche da Piscina Climatizada Municipal e as súas instalacións anexas dende o día 21 de agosto ás 15:00 h. e ata que a situación sanitaria permita a súa reapertura.

Tendo en conta a información sobre a situación sanitaria que a día de hoxe obra no poder do Concello de Monforte,

**PROPONSE** a reapertura da Piscina Climatizada Municipal a partir do xoves 10 de setembro aplicando o mesmo protocolo de uso aprobado polo Decreto de Alcaldía do día 13 de xullo de 2020 “Protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio dende o día da súa reapertura tras o peche motivado pola crise sanitaria COVID-19”

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-**Proceder á reapertura da Piscina Climatizada Municipal a partir do xoves 10 de setembro aplicando o mesmo protocolo de uso aprobado polo Decreto de Alcaldía do día 13 de xullo de 2020 “Protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio dende o día da súa reapertura tras o peche motivado pola crise sanitaria COVID-19”.

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación do presente decreto na páxina web municipal.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 09/09/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 09/09/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/09/2020 14:26:31

